

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



# DIVINAS PALABRAS REVOLUTION

TRAXICOMEDIA DE ALDEA GLOBAL

a partir de **Ramón María del Valle-Inclán** dirixida por **Xron**

XUNTA DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

**Centro Dramático Galego**

Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 881 867 229  
centro.dramatico.galego@xunta.gal  
[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)  
 cdg.salonteatro  
 cdg.salonteatro  
 centrodramatico

**Comunicación. Agadic**

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 881 996 073 / 092  
prensa.agadic@xunta.gal  
[www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)  
 agadic

# DIVINAS PALABRAS REVOLUTION

TRAXICOMEDIA DE ALDEA GLOBAL

a partir de **Ramón María del Valle-Inclán** dirixida por **Xron**

*Coa verdade queres levantar unha dúbida.*

DIVINAS PALABRAS

# Índice

|                                                                    |    |
|--------------------------------------------------------------------|----|
| <i>Voces novas para as palabras máis fermosas</i> , Fefa Noia..... | 05 |
| <i>Traxicomedia de aldea global</i> , Xron.....                    | 06 |
| Ficha artística.....                                               | 07 |
| Funcións.....                                                      | 08 |
| Sinopse.....                                                       | 09 |
| O director: Xron.....                                              | 11 |
| O autor: Ramón María del Valle-Inclán.....                         | 13 |
| O elenco.....                                                      | 16 |
| O equipo artístico.....                                            | 26 |

ДРЯ

# Voces novas para as palabras máis fermosas

Fefa Noia

As *Divinas palabras* de Valle-Inclán comezaron a se converter en *Divinas Palabras Revolution* no verán de 2016. Naquela época tiveron lugar as primeiras conversas con Xron e Patricia de Lorenzo, artistas ao cargo de Chévere, un dos proxectos escénicos con máis calidade e apoio do público da nosa escena, Premio Nacional de Teatro en 2014.

Na presente temporada, estamos recollendo os froitos dun proceso de dous anos. A escolla por parte de Xron, o director de escena, foi unha moi boa nova para o CDG. Nada tiña máis sentido, unha vez tomada a decisión, que aproximarse a *Divinas palabras* a través dunha lectura actualizada desta peza. Un dos grandes textos de inspiración galaica de Valle, co que se quixera dar inicio á andaina do CDG, e unha das obras emblemáticas do noso dramaturgo. Ademais, teremos a fortuna de volver visitar algúns dos escenarios máis prominentes no noso panorama teatral con esta nova posta en escena, e de completar a nosa xira co paso polo Teatro Español de Madrid, que foi testemuña da estrea mundial de *Divinas palabras* o 16 de novembro de 1933, baixo a dirección de Cipriano Rivas Cherif, con Castelao como escenógrafo e Margarita Xirgú no papel de Marigaila. Un fermoso chisco da fortuna.

E así chegamos a *Divinas Palabras Revolution*. Nesta proposta, explica o seu director, non veremos unha tradución directa das palabras de don Ramón sobre o escenario. Atoparemos máis ben a imposibilidade de facela. Falando dunha Galicia que xa non existe cunha crueldade totalmente actual. Como chegar á améndoa desta peza e convertela nun conflito contemporáneo? Xron partiu dunha proposta tan arriscada como intelixente: a través da desmembración. Só fragmentando esta gran historia poderemos atopar a súa conexión coa intrahistoria. É así como se está creando no escenario do Salón Teatro unha nova criatura xuntando as partes da criatura orixinal. Un Frankenstein que pode que non estea dotado da *organicidade* ou vida do seu pai, pero que pode chegar a ser moito máis elocuente ca el para pór diante de nós, público do século XXI, o espello que reflicta o noso interior.

A escolla de Xron para dirixir este autor consagrado, xa convertido nun clásico e, en ocasións, tan venerado que os seus fieis dificultan o acceso á súa esencia, foi a escolla dunha voz nova para facerse eco das vellas palabras. Certo é que non por vellas deixan de ser as palabras máis fermosas. Certo é tamén que non estamos a falar de artistas cun percorrido limitado, pero si dun dos discursos escénicos máis conectados coa realidade que mellor soubo entender e encarnar o feito inapelable de que o teatro é e debe sempre ser comunicación, e que para establecer esta comunicación debemos falar desde o signo dos tempos ás persoas que habitan neles.

Xron e Chévere souberon, e continúan a saber, como construír público e como facer que ese público se sinta interpelado desde o escenario. É dicir, non público consumidor, senón público pensador. Souberon romper moldes, desmontar discursos preestablecidos e xerar novos modelos de comunicación acordes coas súas aspiracións artísticas e co que eles entenden como novas necesidades dos espectadores do século XXI.

Nun momento da historia —non só do teatro, senón da arte en xeral— en que os contidos innovadores deixaron de existir, precisamos voces que pronuncien eses contidos para os nosos ouvidos. A exploración formal é unha das poucas vías que nos quedan para reestablecer esa comunicación, tan necesaria, entre escenario e público. E Xron está en posesión deste tipo de voz, nin máis nin menos válida que moitas outras, pero que, desde o CDG, consideramos imprescindible para alcanzar a tamén imprescindible renovación das nosas propostas escénicas.

Esta é a aposta do CDG desde a miña chegada á súa dirección en 2016, a renovación. A renovación comprendida como motor principal do entendemento entre todas aquelas persoas que facemos teatro e todas aquelas outras que prefiren ver, escoitar, sentir teatro.

Renovarse ou morrer. Morrer, durmir. Durmir, talvez soñar. Sen dúbida soñar, nunca deixar de soñar, tamén desde os escenarios.

# Traxicomedia de aldea global

## Xron

O plan é crear unha peza a partir da lectura de *Divinas palabras* de Valle-Inclán cen anos despois de que fose escrita. Por tanto, achegámonos a esta obra coa mirada desinhibida e confusa dunha lectora actual, que trata, por todos os medios, de deixarse tocar pola forza coa que se conta unha historia, ao mesmo tempo tan crúa e afastada da nosa experiencia.

Para nós *Divinas palabras* é un retrato descarnado dun pobo que permanece inconsciente da súa ferocidade. Un testemuño irascible da miseria moral da sociedade contemporánea. Unha profanación de textos sagrados. Un xogo traxicómico cargado de ambigüidade e ricas suxestións significativas. Unha historia impulsada por paixóns primarias, expresadas con despreocupación e falta de culpabilidade, na que os personaxes se exhiben instintivamente, guiados por unha sinceridade desesperada.

Valle-Inclán intentou na súa época facer un teatro crítico e distinto ao imperante, e foi rexeitado. Cen anos despois, a súa obra pode manter ese mesmo espírito indómito e inconformista, deixándose afectar polo contexto da sociedade actual. Nese sentido, a nosa lectura da súa obra agora é a expresión de moitas imposibilidades. A imposibilidade dunha identidade propia nun mundo globalizado, a imposibilidade do sagrado, da beleza, da natureza virxe, da pureza, do misterio, de todo iso que simbolizaba Galicia na obra de Valle-Inclán. Porque agora esa aldea valleinclanesca probablemente estará abandonada, deshabitada ou directamente borrada do mapa, cos seus montes queimados, as súas praias urbanizadas e os seus mares exterminados, atravesada por mil camiños asfaltados que, de tanto querer chegar a todas partes, non levan a ningures. Son apenas asfalto.

Se é o escenario o que crea a situación, como dicía Valle-Inclán, a nosa aldea agora será un plató de televisión, e as vidas dos seus habitantes un exercicio de exhibicionismo auto compracente formateado como un *reality*: un espazo de acción tan controlado como a aldea de *Divinas palabras*. Un espazo social ao mesmo tempo confuso e uniforme, onde todo e nada é posible, onde non hai lugar sequera para o antagonismo, para a loita entre o ben e o mal, entre a escuridade e a luz, entre o aberto e o pechado, porque aos personaxes da historia tan só lles queda a promesa de estar dentro.



# Ficha artística

Versión: **Manuel Cortés e Xron**  
Dirección e dramaturxia: **Xron**  
Produción: **Centro Dramático Galego**

## Elenco (por orde alfabética)

**Manuel Cortés**  
**Antón Coucheiro**  
**Patricia de Lorenzo**  
**Borja Fernández**  
**Mónica García**  
**Tone Martínez**  
**Victoria Pérez**  
**Ánxela Ríos**  
**Tomé Viéitez**

Coa colaboración no vídeo de **Mónica Camaño** como  
Xoana a Raíña.

## Equipo artístico

|                                 |                                                                                                                                                                                                       |
|---------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Escenografía                    | <b>Suso Montero</b>                                                                                                                                                                                   |
| Vestuario                       | <b>Mar Fraga</b>                                                                                                                                                                                      |
| Iluminación                     | <b>Fidel Vázquez</b>                                                                                                                                                                                  |
| Música orixinal e espazo sonoro | <b>Xacobe Martínez Antelo</b><br>Coa participación especial no tema <i>Macho cabrío</i> dos músicos <b>Manuel Cebrián</b> (cordas), <b>Xosé Miguélez</b> (saxofón) e <b>Javier Pereiro</b> (trompeta) |
| Espazo audiovisual              | <b>Quadra Producións/Cuco Pino</b>                                                                                                                                                                    |
| Asistencia técnica audiovisual  | <b>Semi Soto</b>                                                                                                                                                                                      |
| Caracterización                 | <b>Fanny Bello</b>                                                                                                                                                                                    |
| Deseño gráfico das tatuaxes     | <b>Iván Nespereira</b>                                                                                                                                                                                |
| Tradución                       | <b>Manuel Cortés</b>                                                                                                                                                                                  |
| Asesoría lingüística            | <b>Rosa Moledo</b>                                                                                                                                                                                    |
| Asistencia de dirección         | <b>Arantza Villar</b>                                                                                                                                                                                 |
| Asistencia de produción         | <b>José Díaz</b>                                                                                                                                                                                      |

## Realizacións

|                             |                                                                                                                                |
|-----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Escenografía e utilería     | <b>Equipo técnico do CDG</b>                                                                                                   |
| Vestuario                   | <b>Equipo técnico do CDG e do Centro Coreográfico Galego (CCG).</b> Coa colaboración de <b>Josefina Martínez e María Porto</b> |
| Soporte técnico audiovisual | <b>Felipe Alcalde (Miraxe)</b>                                                                                                 |
| Caderno pedagóxico          | <b>Mayte Leis e Susana Madera (GÁLIX)</b>                                                                                      |
| Fotografía                  | <b>Miramemira</b>                                                                                                              |
| Deseño gráfico              | <b>Trisquelia</b>                                                                                                              |

## Centro Dramático Galego

|                         |                                            |
|-------------------------|--------------------------------------------|
| Dirección               | <b>Fefa Noia</b>                           |
| Produción               | <b>Francisco Veiga</b>                     |
| Secretaría de dirección | <b>Manuela Domínguez</b>                   |
| Administrativa          | <b>América Peña</b>                        |
| Axudante de produción   | <b>Laura Hevia</b>                         |
| Xestión                 | <b>Manuela González</b>                    |
| Prensa                  | <b>Ana Miragaya e Ana Rosales (Agadic)</b> |

## Equipo técnico

|                                 |                                                                                  |
|---------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|
| Técnico de iluminación          | <b>Juanjo Amado</b>                                                              |
| Asistente de iluminación        | <b>Biqui Cabado</b>                                                              |
| Técnicos de son                 | <b>Antonio G. Budiño e Guillermo Vázquez</b>                                     |
| Encargado de estrutura escénica | <b>Salvador Forján</b>                                                           |
| Tremoias                        | <b>Antonio Mayo, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites</b> |
| Encargado de talleres           | <b>Fernando Rodríguez</b>                                                        |
| Xastras                         | <b>Cristina Cordido e Milagros Raimóndez (CCG)</b>                               |
| Limpeza                         | <b>Marisol Pérez</b>                                                             |

## Agradecementos

A CRTVG, Esther Medina e José Pereira | A todo o equipo do programa Galicia Noticias e a Marga Pazos | A todo o equipo do programa Vivan as tardes, Pili Pampín, El Progreso e Zenit TV | A todo o equipo do programa Land Rober e a Roberto Vilar | A CTV | A Xana García | A José Gallo Rouco, Jacobo Gallo e GFStudio | Ao Consorcio de Santiago e Juan Conde | A Clarisa Alcalde, Mari Carmen Ares, Suso Argibay, Centro Residencial Juan Vidán Torres Aspas (Laraño), Chusko, Clínica Blanco Ramos e o seu equipo de protésico, Carlos Boado, Títeres Cachirulo e Jorge Rey, Dani García, Fundación Eugenio Granell, Cielo Lista, César Lombera, Negociado de Servizos Básicos, Mercados e Transportes do Concello de Santiago de Compostela, Mónica Paradelo, Elisa Pazos, Luis Pedrouzo, RTA e Miguel Soto, Margarita Santos Zas, TESEC, Turismo de Santiago e Yolanda Ferro, Casa Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal e XESGAL.

# Funcións

## SANTIAGO DE COMPOSTELA. SALÓN TEATRO

|                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|---------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Estrea</b>                   | Xoves 12 de abril, ás 21.00 h <i>(con convite)</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>Funcións</b>                 | Do 13 ao 29 de abril                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| <b>Horarios</b>                 | Xoves, venres e sábados ás 20.30 h. Domingos ás 18.00 h                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| <b>Funcións escolares</b>       | Martes 17 e mércores 18 ás 10.30 h; martes 24 e mércores 25 ás 11.30 h                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| <b>Encontros co público</b>     | Os xoves ao finalizar a función                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>Domingos de conciliación</b> | Taller de artes escénicas (con monicreques, teatro de sombras e moitos xogos máis) para as cativas e os cativos de 5 a 12 anos, na Fundación Granell os domingos mentres os maiores van ao teatro.<br>Duración aproximada: 3 horas e media. De 17.30 a 21.00 h (inclúe recepción e recollida das rapazas e rapaces). Máximo: 30 participantes. Servizo gratuíto, previa reserva: 881867229 de 9.00 a 14.30 h (de luns a venres) ou en <a href="mailto:centrodramatico.galego@xunta.gal">centrodramatico.galego@xunta.gal</a> |

## Venda de entradas

|                                   |                                                                                                                                                                                                                                                            |
|-----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Billeteira do Salón Teatro</b> | Dúas horas antes de cada función                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>Billeteira electrónica</b>     | <a href="http://entradas.abanca.com">http://entradas.abanca.com</a> Tel. 902 434 443                                                                                                                                                                       |
| <b>Prezo das localidades</b>      | 10 euros. 5 euros (planta baixa visibilidade reducida)                                                                                                                                                                                                     |
| <b>Descontos</b><br>40%           | Estudantes, xubilados, maiores de 65 anos, usuarios do carné xove, desempregados, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC) |
| 3x2                               | Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro. (Só no despacho de billetes do Salón Teatro)                                                                                                                                                                 |
| Domingos                          | Día do espectador: 5 euros                                                                                                                                                                                                                                 |

## XIRA

### MAIO

|                        |                                    |
|------------------------|------------------------------------|
| Venres 4               | Pazo da Cultura de <b>Carballo</b> |
| Xoves 11 e venres 12   | Teatro Principal de <b>Ourense</b> |
| Xoves 17 ao domingo 27 | Teatro Español de <b>Madrid</b>    |

### XUÑO

|                      |                                                           |
|----------------------|-----------------------------------------------------------|
| Venres 1             | Teatro Municipal Lauro Olmo do <b>Barco de Valdeorras</b> |
| Venres 8 e sábado 9  | Teatro Rosalía Castro da <b>Coruña</b>                    |
| Xoves 14             | Auditorio AFundación de <b>Pontevedra</b>                 |
| Sábado 16            | Auditorio Municipal de <b>Rianxo</b>                      |
| Xoves 21 e venres 22 | Teatro AFundación de <b>Vigo</b>                          |
| Venres 29            | Auditorio Municipal de <b>Cangas</b>                      |

# Sinopse

*A consecuencia da morte de Xoana, a súa irmá e a súa cuñada disputan a custodia do fillo orfo, que se resolve por un sistema de quendas. Pero ningunha das dúas pensa no benestar do neno, senón nos beneficios que poden acadar elas, guiadas unicamente polo egoísmo e sen importarlles as consecuencias das súas accións.*

*Nesta nova aproximación, Marigaila, Pedro, Simoniña, Marica, Tatoola, Migueliño, Candás, Laureano e Sétimo Miau son nove persoas pechadas nun programa de telerrealidade, que reviven inconscientes o crú e duro retablo de avaricia, luxuria e morte que Valle-Inclán construíu para as súas Divinas palabras.*



## Xron

### O DIRECTOR

Actor, director e activista cultural (Vigo, 1965)

Intégrase no grupo Chévere en 1988, realizando labores de creación de textos, produción teatral, interpretación e dirección artística e escénica en máis de 30 espectáculos. En 1992 participa na creación da Nave de Servizos Artísticos-Sala NASA, ocupándose da xerencia e dirección artística desde 1992 a 2011. Foi membro da xunta directiva da Red de Teatros Alternativos (1999-2003) e do Consello Asesor do Centro Dramático Galego (2006-2009). Entre 2002 e 2005 formou parte do Colectivo Burla Negra e da Plataforma Nunca Máis, participando na creación e desenvolvemento de proxectos de axitación cultural como *O País de Nunca Máis*, *Foro Negro da Cultura* e *Hai que botalos*. Formou parte do equipo de dirección do proxecto *A Cultura Circula* (2006), promovido pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. En 2010 participa na creación da plataforma dixital de contidos culturais *Redenasa.tv*. Dirixe o programa de residencia teatral de Chévere en Teo desde 2012, ocupándose dos labores de mediación cultural. En 2015 exerce como coordinador do Grupo de Traballo de Cultura da plataforma cidadá Compostela Aberta. Desde ese mesmo ano actúa como mediador artístico da Berberecheira, laboratorio de creación escénica con sede en Teo. Participou como relator en diversos foros, encontros e congresos sobre artes escénicas. Ten experiencia como editor en *UltraTextos*, instigador poético (1986-1990), crítico de arte (1988-1998) e publicou numerosos textos en *fanzines*, catálogos, revistas e monografías.





# Ramón María del Valle-Inclán

## O AUTOR

Escritor e dramaturgo español, Ramón María del Valle-Inclán foi un dos grandes autores de principios de s. XX, exemplo de Modernismo literario e membro da chamada Xeración do 98.

Nacido en Vilanova de Arousa (Pontevedra) no seo dunha familia acomodada vinda a menos, Valle-Inclán estudou en Santiago de Compostela a carreira de Dereito, máis por desexo do seu pai que por propia convicción. Tras a morte do seu proxenitor en 1890 abandonou os estudos e trasladouse a Madrid, onde comezou a facerse coñecido en faladoiros e cafés. Alí gaña diñeiro con colaboracións xornalísticas e publicando algúns contos, pero en 1892 decide viaxar a México, onde seguiría ligado ao mundo do xornalismo, como articulista e tradutor. De novo en terras galegas, é en Pontevedra onde mostra o seu renovado enxeño e vese influído polo decadentismo. En 1894 publicaría *Femininas*, a súa primeira antoloxía.

Instalado en Madrid, empeza a coñecer personaxes destacados como Pío Baroja, Azorín ou Benavente, frecuentando cafés e malvivindo con moi poucos recursos económicos. En 1896, tivo unha disputa con Manuel Bueno que desembocou nunha ferida que lle gangrenou o brazo, provocando a súa amputación. A súa figura de manco, con abundante barba e pelo longo, converteríase en aceno inconfundible de identidade.

Pouco despois comeza a súa carreira como dramaturgo, estreando obras como *Cenizas*, e empeza a formar parte do movemento de fin de século xunto a autores como Unamuno. Chegado xa o século XX, Valle-Inclán publicou as súas famosas *Sonatas*.

Quizais a súa etapa máis creativa viría a partir de 1910, con obras como *Voces de Gesta* ou *La marquesa Rosalinda*, aínda que non todas as críticas que recibe son tan positivas como cabería agardar. Daquela a obra de Valle-Inclán vólvese máis persoal e decide dedicarse á novela. Deste período cabe destacar *Tirano Banderas* (1926) e as pezas *Divinas palabras* (1919), que se anuncia como *traxicomedia de aldea* nun contexto galego, e *Luces de bohemia* (1920) na que o esperpento se mestura coa realidade do Madrid dos cafés e a cínica tradición española.

Valle-Inclán morreu en Santiago de Compostela o 5 de xaneiro de 1936.

## 0 elenco





“

## PEDRO GAILO

Pedro Gailo é simple, inocente, clásico, antigo, temeroso, católico, calado, introvertido, introspectivo, crédulo, inocuo, discreto, cauto, prudente, reflexivo, feble, pusilánime, mandado, retraído, dependente, submiso, penitente, impulsivo, irascible, alcólico, covarde.

Xusto todo o contrario do que eu, Manuel Cortés, actor encargado de darlle vida, son. En serio! Boh!

”

## Manuel Cortés

Nado en Vilardevós, traballou como actor en case todas as producións de Chévere desde 1992, destacando *Big Bang*, *Annus Horribilis*, *Río Bravo 02*, *Citizen*, *Eurozone*, ademais de decenas de *Ultranoites*. Foi protagonista de series como *As Leis de Celavella* e *Pepe O Inglés*, e longametraxes como *O ouro do tempo* e *Rafael*, de Xavier Bermúdez. Ademais, participou en *El Ministerio del Tiempo*, *Gran Hotel*, *El tiempo entre costuras*, *Matalobos*, *Libro de Familia* e películas como *Invasor*, de Daniel Carpalsoro, *Vilamor*, de Ignacio Vilar, *Doentes*, de Gustavo Balza, *Crebinsky*, de Quique Otero e *O lápis do carpinteiro*, de A. Reixa. Como escritor colaborou en moitas obras de Chévere, doutras compañías e para televisión. Ten publicados dous libros de poesía: *A rutina é o deber de todas as criaturas* e *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (co colectivo Ronseltz).



“

## SÉTIMO MIAU

Sétimo Miau é un gaioleiro, un cara lavada sedutor, un mago de TV vido a menos, unha *celebrity* pasada de moda que se gaña a vida aproveitándose dos demais. Non é moi dado a respectar o espazo persoal alleo, está máis afeito a tomar canto quere e a saírse coa súa. Pero tras o seu aspecto de rockeiro trasnoitado, e a súa actitude sobrada e chulesca, oculta moitos segredos.

Esta personaxe, máis que ningunha outra, defínese en relación á influencia que exerce sobre os que o rodean, polo que o traballo de construción de Sétimo está directamente vencellado ás personaxes das miñas compañeiras. Moitos aspectos da súa personalidade están en boca dos outros, eu mesmo non podo saber cales son certas e cales non. Pode estar en todas partes? É quen de aparecerse en sonhos? É realmente un home de tanto proveito ou está acabado? Por que esa fixación con Mari Gaila? Pode empurrar aos demais a tomar decisións de maneira inconsciente?

Máis que respostas, convén facerse cada vez máis preguntas sobre este suxeito, pois o misterio forma parte da súa presenza.

”

## Antón Coucheiro

É actor, director, dramaturgo e pallaso. Leva quince anos de actividade profesional en ámbitos moi diversos dentro das artes escénicas e do audiovisual. Ten traballado con compañías galegas (Chévere, Matarile, CDG, etc.) e estranxeiras (Brasil, República Checa, Estados Unidos) ademais de cofundar as compañías Pistacatro, The Momento Impro e Arrepentimentos de Padrón, e de producir en solitario espectáculos para teatro de rúa (*Cigâni*, *Psicópata*, *Múltiple* e *Smart*). Como docente, ten impartido cursos de *clown* e improvisación, ademais de en Galicia, en Colombia, Perú, Costa Rica, Portugal, Brasil, Mozambique e India, entre outros países.

“

## MARIGAILA

Dentro do abano de personaxes miserables que hai en *Divinas palabras*, Marigaila debe de ser a heroína. Heroína no sentido de presenza principal na obra e que esperta admiración ou atención polas súas calidades ao resto dos personaxes. Desde fóra, só empatizo cunha desas calidades: a súa contundente liberdade moral. Aprendemos a aletargar o noso subconsciente, visitámolo timidamente mentres durmimos. Todas temos imaxes inconexas fechadas nunha caixa que case nunca nos permitimos abrir. Nesta historia vemos a unha muller guiada polo seu subconsciente, sen ataduras nin condicións. É aí onde atopo a miña complicidade ou conexión con ela. Acaso non sería desexable poder experimentar esas outras vidas tamén? Se Marigaila simboliza esa liberdade e rebeldía, todas deberíamos ser coma ela nalgún momento antes de que nos abandonen as forzas.

”

## Patricia de Lorenzo

Inicia a súa carreira profesional en 1990. Desde entón, traballa ininterrompidamente en diferentes disciplinas como teatro, música, dobraxe e audiovisual. En 1994 incorpórase ao grupo Chévere. Participou como actriz en case todas as súas montaxes, destacando o seu traballo en *Annus Horribilis*, *Río Bravo 02*, *Testosterona*, *Citizen*, *Eurozone*, *As Fillas Bravas* e *Eroski Paraíso*. Tamén traballou para outras compañías como Teatro do Aquí, Moucho Clerk, Pifano ou Elsinor. Co Centro Dramático Galego puidemos vela en *Un refaíxo para a Celestina*, *O incerto señor don Hamlet* e *Yerma*. Colaborou para televisión en *Pepe O Inglés*, *A vida por diante* e *Terras de Miranda*; e para cinema en *Lágrimas Negras* de Ricardo Franco, *Galatasaray-Dépor* de Hannes Stöhr e *Crebinsky* de Quique Otero.

Conta, entre outros, con tres premios *María Casares* a mellor actriz protagonista e un a mellor actriz secundaria; o Maruxa Villanueva; dous Premios do Festival de Teatro de Carballiño a mellor actriz protagonista; e o Premio Compostela de El Correo Gallego mellor actriz protagonista.



“

**MIGUELIÑO**

o padronés é un tipo nervioso. Durante os exercicios de improvisación nos ensaios de DPR atopei un par de claves para representalo: fala rápido e a tropezo e é impulsivo nos seus movementos e accións. El vai ao seu. Aparece na cociña só para comer ou beber. É egoísta, solitario, conveniencias, e está cheo de tics. Ten cara de mala persoa, é desconfiado e pode ser agresivo se invaden os seus intereses ou destapan os seus puntos fracos. Actúa sen pensar nas consecuencias. Sabemos que el é o verdugo, pero tamén sabemos que en DPR ninguén está libre de culpa. Así que el tamén é a cabeza de turco.

”

**Borja Fernández**

Nado en Salcedo (Pontevedra) é un creador escénico independente afincado en Santiago de Compostela desde 1995. Actor e director, forma parte do colectivo musical Metamovida e é vocalista do grupo de rock Es un Árbol desde 2005. Foi cofundador das compañías Belmondo (con Marta Pazos), Arrepentimentos de Padrón (con Antón Coucheiro) e Pistacatro (con membros da Asociación de Novo Circo de Santiago de Compostela). Desde 2011 compaxina o traballo nos seus proxectos persoais coas colaboracións con outros artistas e grupos.

Ten presentado os seus traballos en España, Portugal, Mozambique, República Checa, Cuba e Brasil a través de festivais internacionais, intercambios artísticos e proxectos socioculturais.



“

## MARICA DO REINO

MÓNICA.\_ Xa que está tan recente o 8 de marzo, aproveito para preguntarche se fixeches folga e/ou fuches á manifestación. MARICA.\_ Si, ho, era o que me faltaba! Como vou pechar ese día, non ves que eu ao haber folga vendo moito máis, anda máis xente pola rúa, e pechan outros comercios... MÓNICA.\_ Entón non estás de acordo con pedir a igualdade para as mulleres? MARICA.\_ A igualdade en que? Porque iguais ben se ve que non somos! MÓNICA.\_ Nos salarios, no reparto das tarefas... MARICA.\_ Eu vivo soa, e traballo soa, así que a min tanto me ten! MÓNICA.\_ E o da violencia coas mulleres? MARICA.\_ Home non, matalas non está ben, iso está claro. Agora tamén che digo, que hai algunha..., e algunha que eu coñezo ben, que... que lle deran unha malleira ou unha hostia de vez en cando, non lle viña mal.

”

## Mónica García

Con vinte e cinco anos de experiencia profesional, traballou en teatro con Panamesiano, A Factoría ou Chévere, entre outras compañías. Co Centro Dramático Galego participou en *As actas escuras*, *Os espectros*, *Valle-Inclán 98* ou *Tartufo*. No cine puidemos vela en *A Esmorga* (Ignacio Vilar), *Para que non me esquezas* (Patricia Ferreira), *Os luns ao sol* (Fernando León de Aranoa) ou *O lápis do carpinteiro* (Antón Reixa). Para televisión colaborou en *Pratos Combinados*, *Serramoura*, *Pazo de familia*, *O club da calceta*, *A mariñeira*, *Valderrei*, *Terras de Miranda* ou *Cuéntame cómo pasó*.

Entre os premios que recibiu cómpre destacar o María Casares á Mellor actriz secundaria por *Citizen* (2012), *Espectros* (2003) e *Bailando en verán* (1997), así como o Premio AGAPI á mellor intérprete feminina pola curtametraxe *Aínda máis difícil* (1999).





“

## CANDÁS

Son Tone Martínez e interpreto a Candás. Candás ten 37 anos. É o típico colega que se apunta a todas as festas sen preguntar e, a poder ser, sen pagar unha copa. El sempre está aí para beber pero nunca para convidar. É un cara lavada. Naceu nunha parroquia chamada San Xoán de Valga, lugar do que está moi orgulloso, quizais demasiado. Ata non hai moito tempo traballou como policía local no devandito concello, pero agora, tras unha serie de accións reincidentes de dubidosa legalidade, foi expulsado do corpo. Entra no *Divinas Palabras Revolution* grazas á súa nai. Foi ela quen o apuntou ao *casting* para intentar botalo da casa. Candás promete dar diversión aos espectadores, sobre todo se hai alcol e esmorga polo medio.

”



## Tone Martínez

Titulado en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, comezou a súa carreira profesional na compañía teatral Triatrerros, coa que gañou o premio do público do Festival de Teatro Galego (Fetega) do Carballiño coa posta en escena *ImproNews*.

Xunto a Alba Bermúdez funda a compañía Galeatro coa que presentan, na actualidade, *Muiñada*, escrito por Ana Carreira e dirixido por Davide González.

No audiovisual ten participado en series como *Serramoura* ou *Pazo de Familia*.



“

## TATOOLA

A Tatoona agora sería unha tía duns 38 anos, nacida nunha vila pequena e desestruturada, a quen xa de nena gustaría imaxinar tatuaxes para os seus veciños e para as vacas dos seus veciños. Cambiaría de traballo tanto como de lugar de residencia, de gustos e de hábitos, porque precisa desintoxicarse do ambiente, da xente e de si mesma. Maltrataríase a conciencia durante anos e agora trataría de depurarse con exercicios e dietas, pero as marcas que a vida deixou no seu corpo seguirían sempre aí.

Interpreto a Tatoona en DPR con xestos "masculinos", voz grave e tics de persoa que prefire escoitar ou abstraerse cando está en grupo, para despois informar en privado as demais persoas do que non viron. Unha especie de veciña que conta o que pasa, non porque lle gusten as cubilladas, senón porque alguén ten que facelo. Falo con frases curtas, enfiadas como coitelos, para manter a forza da particular linguaxe que usa Valle-Inclán.

”

## Victoria Pérez

Licenciada en Humanidades, formou parte do teatro universitario das Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, onde cursou o Posgrao de Estudos Teatrais e Audiovisuais.

No eido profesional traballou para distintas compañías como Caramuxo, Elefante Elegante, Teatro do Atlántico, A Contrabutaca, Galitoo, La Yogurtera ou La fura dels Baus. No audiovisual puidemos vela en producións da Televisión de Galicia como *TAC*, *Pazo de Familia*, *Matalobos*, *Padre Casares*, *Libro de familia* ou *A vida por diante*; no ámbito nacional participou tamén en series como *Hospital Central*, *Sin tetas no hay paraíso*, *Toledo* ou na recente *Fariña*.

Actualmente codirixe a Compañía Pérez&Fernández e é a creadora dos espectáculos para público familiar *O poder de Amabel* e *AguraTrat!*

“

**SIMONIÑA**

A adolescencia non é unha fase sinxela, e moito menos nas circunstancias coas que convive Simona decotío. Buscándose a si mesma, estancada nun limbo entre a nenez e unha madurez, Simona afronta os seus conflitos e trata de facerse presente na súa familia e na sociedade da única forma que sabe: a través da distancia. Non obstante, hai situacións que nos superan, situacións que nos fan saír da casca, e nesta casa, Simona atopará a súa voz e a firmeza oculta que sempre estivo nela e que tanto tardou en atopar.

”

**Ánxela Ríos**

Nada en Noia en 1994, fórmase en música e ballet clásico, orientando desde nena os seus estudos ás disciplinas escénicas. Gradúase en Interpretación Musical pola Escola Superior de Arte Dramático de Málaga. Amplía a súa formación vocal en canto e fala da man de Petia Koleva e teatral, na Academia de Artes Escénicas de Bratislava e no Estudio Corazza para o Actor.

Entre os seus traballos destacan a súa colaboración, continuada desde 2015, como actriz, coreógrafa e axudante de dirección no Festival del Cine y la Palabra de Toledo, así como a participación na curtametraxe *Alicia*, de Enrique Muñoz.





“

## LAUREANO

Creo que a verdadeira graza do personaxe de Laureano é o feito de non poder entendelo de todo. Por que fai o que fai? Como se sente (se é que sente)? Está ben nalgún momento? Iso é o bonito, saber que as interpretacións que pode ter cada un do Baldadiño distan tanto entre si como da realidade. Eu, pola miña parte, gárdome o que penso del para min, deixando simplemente caer o que creo que lle senta mellor en cada situación.

”

## Tomé Viéitez

Nado en Porto do Son en 2000, iniciou a súa formación na escola de teatro e danza Espazo Aberto, así como na escola de teatro Pábulo, onde tivo ocasión de estrearse sobre o escenario.

*Divinas Palabras Revolution* será o seu primeiro traballo no eido profesional escénico.

# 0 equipo artístico



## Suso Montero

### ESCENOGRAFÍA

Neno de inquedanzas artísticas, comeza os seus estudos en 1969 na Escola Pablo Picasso na Coruña. Tras exposicións de pintura, fotografía e escultura, a súa carreira alcanza o seu máximo esplendor no mundo teatral e audiovisual galego. Chegan así, a partir dos anos oitenta, os primeiros recoñecementos: Premio de Honra Fernando Rey nos Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual e o Premio María Casares por *Escola de bufóns*, *Viaxe a ningunha parte* e por *A cabeza do dragón*, entre outros.

## Mar Fraga

### VESTIARIO

Licenciada en Belas Artes, desde hai máis de 15 anos traballa en diferentes disciplinas artísticas, especializándose en deseño de vestiario e estilismo en televisión, publicidade, cine e teatro. A súa traxectoria profesional está estreitamente ligada ao mundo audiovisual e foi figurinista en películas como *La ciudad de Sylvia*, *A Esmorga* e *Reliquias*. No ámbito escénico, ten colaborado co Teatre Lliure, o Teatre Nacional de Catalunya e o Bristol Old Vic Theatre, entre outros.





## Fidel Vázquez

### ILUMINACIÓN

Traballa desde o 2000 nas artes escénicas como iluminador, técnico de escena e músico, realizando traballos para compañías de teatro, danza e grupos musicais. Gañou o Premio María Casares 2014 á mellor iluminación por *Eurozone* do Grupo Chévere.

## Xacobe Martínez Antelo

### MÚSICA ORIXINAL E ESPAZO SONORO

Músico, emprendedor e activista cultural. De formación ecléctica e autodidacta, este baixista compostelán aparece en máis de 30 traballos discográficos, que van desde o jazz ao rock, pasando pola música tradicional, o teatro ou as músicas do mundo. Como líder, é fundador de Sumrrá, Monkillos, Xacobe Martínez Antelo Trío, Cuarteto e Quinteto, CHaNZo, A Tribu, ou MARTELO e, desde hai 15 anos, traballa de xeito continuado co Grupo Chévere.



## Cuco Pino

### VÍDEOS

Técnico superior en Imaxe e Son, traballa no eido audiovisual desde o ano 2000. Televisión, música, teatro e ficción forxaron a súa andaina ata pór en marcha a súa empresa Quadra Producións, VJ do grupo de música electrónica Colectivo Oruga.

Colabora en teatro co Grupo Chévere, é o produtor do documental *Alén do Cosmos* e está inmerso en varios programas de televisión producidos pola súa empresa, ademais de ser o responsable audiovisual de O Marisquiño 2018.



## Estefanía Bello

### CARACTERIZACIÓN

Maquilladora, perruqueira e estilista, formouse en caracterización e moda en escolas como Cazcarra, Stick Art Studio, La Casita de Wendy ou Esdemga. Desde 1999 centra a súa actividade profesional no eido da moda, o audiovisual (*O lapis do carpinteiro*, *Operacion E*, *Cela 211*, *Toro* ou *Exodus*) e o teatro, para compañías como o CDG, Pistacatro, Chévere ou Voadora. Recibiu dous premios María Casares, en 2004 e 2009, á mellor maquillaxe por *Sidecar* de Belmondo e por *Testosterona* de Chévere.



## Rosa Moledo

### ASESORÍA LINGÜÍSTICA

Especialista en tradución audiovisual, ten no seu haber numerosos traballos tanto para televisión como para cine, entre os que destacan *Fisterra*, *Sei quen es*, *A lingua das bolboretas*, *Lena*, *Os luns ao sol*, *O misterio Galíndez*, *13 Badaladas*, *O lapis do carpinteiro*, *O ano da carracha*, *Abrígate*, *Agallas*, *Conexións*, *Cela 211*, *Engurras*, *O sexo dos anxos*, *A árbore magnética*, *Somos xente honrada*, *Os Fenómenos* ou *O noso último verán en Escocia*. É tamén asesora e supervisora lingüística en numerosas sesións de dobraxe para televisión e cine, así como na rodaxe de diversos programas de entretemento e series televisivas, como é o caso de *Fariña*.

## Arantza Villar

### ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Nada en Santiago de Compostela, formouse na escola de teatro e danza Espazo Aberto. Comezou a súa carreira profesional a finais de 2005 no musical *Misiles Melódicos* de Sanchís Sinisterra, unha coprodución do Centro Dramático de Aragón e o CDG. Participou como actriz en varios proxectos das compañías Pistacatro e Nut Teatro. Actualmente forma parte do elenco de *As Fillas Bravas*, produción teatral de Chévere, compañía coa que vén traballando desde hai anos como actriz e asistente de dirección.



## José Díaz

### ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN

Técnico Superior en Producción de Cine e Espectáculos. Gañador de varios premios nacionais producindo videoclips para o grupo Fangoria con Esferobite Producións. Como produtor teatral colabora cos directores Nuno Cardoso, Hernán Gené, Quico Cadaval, Montse Triola e Marta Pazos, entre outros. Traballa como produtor para o CDG en tres ocasións. Escribe, dirixe e produce cinco curtametraxes multipremiadas. Como músico, conta cun Premio María Casares á Mellor Música Orixinal por *Tokio3* e outras tres candidaturas na mesma categoría. É o produtor da compañía Voadora desde a súa creación en 2007.









# CDG

[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)

 cdg.salonteatro

 cdg\_salonteatro

 centrodramatico